



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 4 DE FEBREIRO DE 2010**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vazquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña.Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña.Maria Iglesias Fernández Dña.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dña.Maria Jesús Martíns Passos D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ) D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dña.Laura Miguez Pérez D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin
<u>NON ASISTIRON:</u>	D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE) Dña. Teresa Perez Vieira (PSOE)
<u>SECRETARIA:</u>	Dña.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a catro de febreiro de dous mil dez, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.

Acta de 14 de xaneiro de 2010.

O Sr.Alcalde pregunta se hai observacións que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada aprobada por unanimidade a acta do 3 de decembro de 2009.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

3.- APROBACION DO PROXECTO DE SANEAMENTO INTEGRAL NAS PARROQUIAS DE BAIONA E SANEAMENTO NO BARRIO DE SAN ANTON A REALIZAR CON CARGO O PLAN ESTATAL DE EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL.

O Sr. Alcalde comenta que posteriormente trataráse unha moción que ven Urgencia por ser proxectos a realizar con cargo ó Plan E pero que non se incluíron neste punto por estar pendente a finalización do proxecto.

Cede a palabra ó **SR. RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Resultando que en fecha 27/11/2009 se publico en el BOE el Real Decreto ley 13/2009, de 26 de octubre, por el que se crea el Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local y en fecha 2/11/2009 se publico en el BOE la resolución de 2 de noviembre de 2009, de la Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, por la que se aprueba el modelo para la presentación de solicitudes y condiciones para la tramitación de los recursos librados con cargo al Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

Resultando que dicho fondo está destinado a financiar la realización por los Ayuntamientos de inversiones generadoras de empleo y actuaciones de carácter social de competencia municipal que contribuyan a la sostenibilidad económica social y ambiental.

Resultando que el Ayuntamiento de Baiona en función del criterio de reparto del fondo según el artículo 3 del Real Decreto-Ley 13/2009 le corresponden **1.294.694 EUROS** que deberán destinarse a obras de nueva planificación y ejecución inmediata, entendiéndose por obras de nueva planificación aquellas cuya ejecución no esté prevista en el presupuesto consolidado de la entidad local para el año 2009 ni en el Presupuesto consolidado para 2010.

Resultando que la Junta de Gobierno local en sesión de 30 de diciembre de 2009 adoptó acuerdo de aprobación de, entre otras, las siguientes actuaciones que el Ayuntamiento de Baiona realizará con cargo al Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

<u>DENOMINACION ACTUACION</u>	<u>Nº PERSONAS A OCUPAR</u>	<u>PRESUPUESTO</u>	<u>IVA</u>	<u>PRESUPUESTO DE CONTRATA</u>
Proyecto de Saneamiento Integral de Parroquias en Baiona	4 trabajadores	278.874,25€	44.619,88€	323.494,13€
Proyecto de Saneamiento en Barrio San Antón	10 trabajadores	282.919,12€	45.267,06€	328.186,18€

Resultando que en fecha 15 de enero de 2009 el Secretario de Estado de Cooperación Territorial ha dictado resolución de autorización para la financiación de la inversión "Proyecto de Saneamiento Integral de Parroquias en Baiona " y "Proyecto de Saneamiento en Barrio San Antón , con los recursos del Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

Resultando que el artículo 22.1.ñ de la Ley 7/85, de bases de régimen local es competencia de pleno la aprobación de los proyectos de obras y servicios cuando no estén previstos en los presupuestos.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

En virtud de lo expuesto se propone al Pleno, previo dictamen de la Comisión Informativa de Asuntos de Pleno la adopción del siguiente acuerdo.-

Primero.- Aprobar los proyectos de obra que a continuación se relacionan:

DENOMINACION ACTUACION	PRESUPUESTO	IVA	PRESUPUESTO DE CONTRATA
Proyecto de Saneamiento Integral de Parroquias en Baiona	278.874,25€	44.619,88€	323.494,13€
Proyecto de Saneamiento en Barrio San Antón	282.919,12€	45.267,06€	328.186,18€

SR.RODAL, PP.- Comentar que, en este caso, dentro de la inversión total, que ya se ha dicho que es de 1.294.694 euros, esta vez el 50% va destinado a saneamientos, mientras que en el primer Plan Estatal iba destinado a saneamientos un 20%.

SR.LORES, PSOE.- Antes de nada xustificar a ausencia de Manolo Marcote por un problema de saúde, así como de Teresa Pérez Vieira á cal lle morreu un familiar atopándose fora da nosa Comunidade Autónoma.

En principio, por parte do grupo socialista, decir que vamos a apoiar esta moción que presenta o goberno; o único decir que como levamos pedindo en todos estes Plenos, que a nós gustaríanos participar neste segundo Plan E como participamos no primeiro e poder aportar suxerencias; pero está visto que nesta ocasión o goberno local non quixo contar coa aportación e suxerencias dos grupos da oposición e deciden pola súa conta, o que é lexítimo, cales van a ser as actuacións deste Plan.

Concretamente nos presentan nesta primeira Moción os dous saneamentos, e parécenos correcto que as Parroquias de Baiona se vexan beneficiadas neste segundo Plan E, e supoñemos que a partir de agora practicamente poidamos considerar que o saneamento de Baiona está xa ó 100% resolto. Simplemente mostrar a nosa preocupación, ou a nosa queixa, por non poder participar no proceso deste segundo Plan E.

Tamén queremos pór en valor este tipo de investimentos que, por unha parte, elevan a calidade de vida dos veciños/as de Baiona, e por outra teñen outro obxectivo que é tratar de paliar dentro do posible o paro a nivel do Estado. Polo tanto, pór en valor este esforzo do Goberno de España, e tamén apoiar as inversións que se van a facer en Baiona. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Como decía o compañeiro Lores, non se contou coa oposición para decir onde se ía meter este diñeiro pero parece ser que sí se contou coas críticas dos veciños que se enteraron a través de assembleas veciñais co BNG onde lles dixemos as cantidades que o goberno local lles invertía nas parroquias; parece ser que esta vez sí nos fixeron caso e de feito algún portavoz incluso dixo: "o BNG agora que non se queixe que xa se invirte nas parroquias"; polo tanto estamos contentos de que nos fixeran caso, tanto aos veciños como a nós.

Nas parroquias fundamentalmente se fai unha obra conxunta de saneamentos por valor de 323.494,13 euros; non entendo moi ben cómo fai poucos meses o Alcalde presumía decindo que practicamente estaba feito o saneamento integral de todo o Concello de Baiona e agora se pode traer un Orzamento de case 324.000 euros, máis de 50 millóns de pesetas, para facer supostamente saneamentos que xa estaban feitos; estou seguro de que a equivocación foi do Alcalde cando dixo que xa estaba todo feito. Nós seguimos decindo que con isto non se alcanza nin o 95% do saneamento integral de toda Baiona, e o decimos así porque temos varias queixas de veciños de Bahiña, de Sabarís, de Baredo, de Belesar, de tódalas



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

parroquias, e se critica por parte da vecindade de que hai grupos aillados de 3, 4 casas, ou 5, que non teñen saneamento e que o goberno local non está disposto a asumilo.

Estiven olleando fai uns minutos o proxecto que nos presentan e a verdade é que son micro-saneamentos que estaban por ahí esparcidos pero aínda quedan moitos máis, Sr. Alcalde. Eu convidolle, e o noso apoio vai a telo, para que o saneamento sexa integral, do 100% nas Parroquias, en todo o Concello de Baiona, e que por favor cando faga un saneamento, que é unha obra importante en inversión, que funcione, porque agora mesmo debe de haber 3 ou 4 saneamentos que levan un montón de tempo instalados e non funcionan, sobre todo bombeos. Polo tanto lle rogaría que tomara as medidas oportunas e que no futuro se analicen ben as adxudicacións dos saneamentos, dos bombeos sobre todo, para que non pase como pasou no Urgal que houbo que facer dúas obras e unha quedara enterrada que non serve para nada porque onde estaba ubicado o pozo de bombeo non podía ir, por falta de previsión, por falta de que os técnicos non estudaron ben a situación de infraestructuras que existen nas parroquias.

En cuestión de saneamentos tamén é importante dicir que as obras hai que facelas, pero hai que utilizálas; o goberno local ten a obriga de que esas obras se utilicen; e non digo as que non funcionan ou porque non lle dan corrente ou porque están mal feitas, ou polo que sexa; o digo porque hai moitos veciños ós que lles pasa o saneamento pola porta e non o conectan; non o conectan e o goberno local non esixe, como cumpre a Lei, que eses saneamentos sexan conectados; haberá que darlle as máximas facilidades ós veciños para que o fagan, pero cando se ten o saneamento pola porta non nos podemos permitir o luxo de ter unha fosa séptica que está contaminando o subsolo de tódala Parroquia; é importantísimo que tódolos veciños que teñan saneamento estén conectados. Tamén nos parece ben que se faga o saneamento de San Antón, aínda que ó respecto non teño nada que dicir xa que tampouco se nos consultou nada sobre este tema.

Vamos a apoiar as obras de saneamento que nos presentan neste punto, e vamos a convidalo a que o sigan facendo ata que a todo o mundo, sexa quen sexa, sexa simpatizante, amigo ou non, se lle faga o saneamento ó que todo o mundo ten dereito. Moitas grazas.

SR. VILAR, CMÑ.- Dende a Concellalía de Medio Ambiente consideramos que as obras de saneamento son prioritarias e que Baiona nese senso é ún dos Concellos que ten máis avanzado este tema en Galicia, a proba está en que somos o único Concello no cal se fixo unha macrodepuradora que vai a resolver tamén gran parte do tema do saneamento.

En canto ó saneamento parroquial, non só hai saneamento, tamén hai separativas, e Baiona ten unha clara complexidade ó ser unha zona montañosa pois hai casas que están ailladas e as veces teñen que resolver o tema do saneamento por outra vía, non teñen porque enganchar á rede xeral; e de feito hai moitas licenzas de casas en zona rural, algunhas sendo concelleiro o portavoz do BNG, ás que se lle deu licenza pero coa obriga de que aplicaran medidas correctoras de fosas sépticas e demáis, o que é perfectamente válido; o único que ocorre é que iso é moito máis caro; é moito máis caro porque a fosa séptica hai que vaciála, pero realmente si funciona ben é igual de eficiente que o tema do saneamento.

Cando se fala de saneamento moitas veces creemos que hai que esixirle tamén ós veciños que fagan as obras nas súas vivendas para conectar á rede de saneamento; ese é un tema complexo; hai que tratar de evitar que se conecten augas pluviais e regatos á rede de saneamento; é unha labor que en parte tamén ten que facer a empresa concesionaria velando polo funcionamento do saneamento; é a súa obriga e de feito nós llo estamos esixindo.

Por outra banda, dende o punto de vista medioambiental, no Concello de Baiona témolo moi claro: o que hai que protexer é os verquidos á franxa litoral, e nese caso se nos está recoñecendo con Bandeiras azuis, por tódolos movementos de conservación ecolóxica. Ademáis esperamos que nun futuro, cando empece a funcionar a depuradora de Silleiro, con todas estas obras, algunhas de separativas de pluviais, Baiona siga na liña de ser ún dos Concellos que ten resolta máis extensión en saneamentos; nos parece o camiño acertado o



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que se está seguindo dende o goberno e a proba é que a oposición está recoñecendo a labor que se está facendo en materia de saneamentos. Estamos a favor deste punto.

SR.RODAL, PP.- En mi primeira intervención si dije que en el primer Plan de Fondo Estatal de Inversión Local habían sido 400.000 euros en saneamiento, y en este segundo, siendo menos cantidad, el importe total son 652.000 euros; creo que todos estamos de acuerdo, después de escuchar sus exposiciones, en que si es cierto que hacía falta para el saneamiento; Sr.Lores, no sé si estamos ó no al 100%, pero sí estamos cercanos a la integridad del saneamiento de las parroquias de Baiona.

Sr.Fernández, hizo usted mención a que el saneamiento había que ponerlo para todos los vecinos, sean de la ideología que sean, y por ejemplo en el Barrio de San Antón no sé si usted sabrá el censo ó las ideologías políticas de cada vivienda a las que se va a conectar este saneamiento, pero yo desde luego no lo sé. Las conexiones se hacen para todos los vecinos por igual; de hecho, imagino que usted tendrá saneamiento en su casa, y creo que lo puso justo cuando era el límite de su goberno, ¿me equivoco?, creo que no; creo que fué la última semana; pero esto es solo un comentario. Este equipo de goberno está luchando para que haya saneamiento integral en todas las parroquias y seguiremos luchando por ello. Muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Eu decía que esperaba que estivera ó 100%; porque todos sabemos que hai algúns puntos que nestes momentos non o teñen. O que sí pediríamos é que se fixera un estudio deses puntos das parroquias que non teñen saneamento, e que cos futuros plans, tanto da Deputación como outros, podamos rematar xa o obxectivo de lograr o saneamento ó 100%, por distintas vías, como decía o Sr.Vilar, non todos teñen que estar conectados ó saneamento pero sí hai que garantir que haxa un tratamento dos residuos en condicións; ese sería un obxectivo que nós apoiaremos en todo momento; por iso pedimos un esforzo para facer un estudio serio de cáles son os puntos de Baiona que quedan sen ter esa solución.

Entre as dúas mocións que nos presentan, ésta e máis á de Urgencia, damos por feito que o 20% deste Plan vai para gasto corrente.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quixera contestarlle ó Sr.Vilar porque acabou a sua intervención decindo que este goberno facía un esforzo e que a oposición o recoñecía porque se estaba facendo unha inversión importante no saneamento, e é certo: se está facendo unha inversión importante, ¿sabe porqué?: porque antes, cando vostede estivo de Alcalde, non a fixo; así de claro. Aquí se gastaba o diñeiro nun montón de historias, se gastaba na rúa Elduayen o diñeiro que viña para saneamentos, e as parroquias quedaban a dúas velas, ano tras ano. Iso criticámolo nós moitas veces, e aquí nesta sala tamén; debe estar vostede aburrido de escoitarme; pero é certo: hai que facélo agora porque non estaba feito de antes; si estivera feito de antes, si cando foi a Administración Fraga se adicara e se esixira ós Concellos a contemporar as inversións en saneamento por encima de todo, máis que en auga, fíxese ben, eu creo que é máis importante o saneamento que a traída de auga, porque a auga se fai un pozo e todo o mundo ten auga; e as fosas sépticas que vostedes tanto alaban, e que todos demos licenzas en base a ter unha fosa séptica, tódolos gobernos que estivemos en Baiona, foi porque non había outra opción; non había saneamento e polo tanto tiña que haber fosas sépticas.

Pero vostede, como leva vivindo toda a vida no casco de Baiona, non sabe o problema das fosas sépticas, e non sabe que hai certas parroquias neste Concello como na parroquia de Sabaris na zona do Caeiro nas que o subsolo é de caolín, e o caolín (ten vostede unha técnica no grupo e pode consultarllo, ou senón ó Arquitecto Municipal) funciona como un chicle: no verán se pón duro como unha pedra e no inverno é un auténtico chicle, e non absorbe as augas residuais das fosas sépticas, non funcionan; nos 2 ou 3 primeiros anos funcionan perfectamente pero a partir de aí hai que vaciála, nalgúns casos tódolos meses, e senón se botan rego abaixo, como fan moitos veciños, contaminando tódolo que collen ó seu paso; e hai zonas moi importantes neste pobo que no subsolo non teñen caolín pero teñen rocha,



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

como é o Barrio de Fontes, e o subsolo non funciona como drenante; polo tanto, é moi importante que haxa saneamentos.

E a empresa concesionaria, á que vostede lle deu a concesión xa no seu día, fai o seu traballo, pero o vixiante de que se cumpra a Lei ten que ser o goberno municipal; claro que iso non dá votos, iso resta votos; pero cando se está gobernando hai que estar ás duras e ás maduras. A empresa concesionaria fará o seu traballo pero o goberno local é quen ten a obriga de facer o control exhaustivo de que tódolos veciños cumpran coa Lei; non uns sí, e outros non.

Con respecto a que quedan casas ailladas, efectivamente; non hai grandes núcleos de poboación que estean sen saneamento; e quedan casas ailladas, grupitos de 2, 3 ou 4; pero volvo a decir e a denunciar ante a opinión pública que neste Concello se fan as cousas dependendo do cór político de cada ún. O Sr.Rodal decía que non sabía a ideoloxía dos veciños; en San Antón haberá de todo, pero en Fontes se fixo un saneamento cun bombeo gastando máis de 60.000 euros para un militante do PP moi significativo; creo que non fai falta dar nomes. Máis de 60.000 euros que se gastaron nun bombeo para un señor que ten un negocio, e iso se fixo na súa lexislatura fai 1 ano, ou 2. Un bombeo que significa unha hipoteca para toda a vida para este Concello. En cambio, aos veciños da baixada do encoro, un grupito de veciños, non se lle fai o saneamento; porque claro, como son 3 soamente, non se lle fai; pero a outros si.

Sr.Rodal, aquí o que hai que facer é andar co carnet do PP na boca, para que todo o mundo o mire; esa é a diferenza. Polo tanto, as ideoloxías para este goberno local si importan, e non so para saneamentos senón para moitas actividades máis, por desgracia; e eu recordo que o Alcalde cando tomou o bastón de mando dixo que ía a gobernar para todos, e non é certo; e dígolle máis: e algún membro do seu equipo menos que o Alcalde aínda; algún membro, menos que o Alcalde, porque teño que recoñecer que nese tema o Alcalde as veces pon o freno ante situacións vergonzosas, pero non sempre; algún membro do seu equipo se está pasando con tódolos que non son simpatizantes do Partido Popular; e cada ún que tome nota. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Como sempre o Sr.Fernández, provocador por excelencia neste Pleno; por certo, militante do BNG: o partido máis desastroso na xestión e administración dos recursos públicos; porque de verdade, si en algo se caracterizan outros partidos é polo rigor na administración; o BNG, será porque non ten experiencia, pero cando chega ó poder é o caos total, xa miramos a experiencia anterior do famoso bipartito. Sr.Fernández, cando vostede non ten a unha persoa enfrente que lle refresque a memoria vostede abusa da súa dialéctica, pero hai cousas que indignan das súas manifestacións e lle vou a recordar o seguinte: mire, as casas hai que empezálas polos cimentos, iso está claro, non se poden empezar polo tellado; lle quero recordar que cando estaba Manuel Vilar de Alcalde se fixera toda a rede xeral de saneamento da zona litoral; recordará que Sabaris non tiña saneamento, que incluso as propias Escubichas ían directamente á Ladeira, ó estuario do río Miñor, e truxemos o saneamento dende a Ramallosa ata Baiona por sistema de bombeo, para sanear Sabaris; para sanear a súa antiga casa que vostede vertía directamente, non á rede porque non a había, vostede tiña un pozo, fixo unha casa, e vertía alí; e quero recordarlle que foi o goberno do PP daquela, que eu tiña a honra de presidir, quen resolveu o problema de saneamento de bombear todo Sabaris ata Baiona; Deus me libre se fora de Baiona para Sabaris, seguramente vostede se poría ahí a cortar para evitar que os de Baiona verteran na súa parroquia; pero o noso concepto de Baiona é moi distinto ó que ten vostede; nós defendemos Baiona como unha unidade.

Fixemos o saneamento integral de toda Baiona, para iso se fixo a estación de pretratamento do paseo Pinzón, cousa que antes non existía, se vertía directamente ó mar; obrigamos incluso ó Parador de Turismo, con dúas depuradoras, unha na zona da praia dos Frailes, e outra na zona da Figueira, que vertían directamente, que non funcionaba, a enganchar á rede de saneamento, cousa que permitiu a recuperación de Monte Boi. Falo de actuacións que son realidade para refrescarlle a vostede a memoria; se levou a rede de saneamento principal, a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

matriz, a tódalas parroquias, a todas: a Belesar, a Bahiña, a Baredo, a tódalas parroquias; evidentemente é moi complexo remata-la rede de saneamento porque é unha rede, pero ata hoxe en día seguimos actuando.

A presa de Bahiña é unha presa magnífica, construída na época de Benigno Rodríguez Quintas como Alcalde, pero non había rede de distribución; recorde que se fixo a estación de pretratamento de augas, o depósito de distribución de augas, e a rede de distribución; o digo para recordarlle algunha das cousas que nós fixemos en materia de saneamentos. E lle vou a recordar outra moi interesante: cando se fixo a concesión da rede de saneamento á empresa Espina e Delfin, ¿sabe cál foi unha das obrigas que tiña esa empresa?: investir 150 millóns das antigas pesetas en ampliá-la rede de saneamento, e esa empresa levou (recordo) o saneamento ata a zona do Caeiro, e aquí hai veciños que saben que a rede matriz foi por alí, entre outras obras, e logo se estendeu por outras parroquias, cunha inversión de 150 millóns daquela época; agora que estamos falando duns 100 millóns fíxense o que eran 150. Son soamente algunhas das actuacións que se fixeron en materia de saneamento e que vostede, tan alegremente, di que antes non se fixo nada; e vostede tamén fixo algo, eu non digo que non, no tempo que estivo; pero fixo unha pequeniña parte da que vostede presume como se levara unha medalla; pero claro, si vostede leva unha medalla eu tería que levar tantas que non podería con elas, porque non é comparable o que eu lle digo que se fixo co que vostede di.

Se o BNG foxe un partido con capacidade de xestión non estaríamos padecendo agora o que estamos padecendo no estuario do río Miñor porque a anterior Corporación de Gondomar era en parte responsable de conservar e manter unha depuradora, e a nós, a pesar de insistir e decírllo moitas veces, nos fixeron oídos sordos a ese tema; e quero recordarlle que tanto o Alcalde como eu, cando tomou posesión esta Xunta, a nosa primeira intervención co Conselleiro de Medio Ambiente foi esixir que a depuradora de Gondomar funcione, e que o emisario submarino de Nigrán funcione; por iso dudo que haxa algunha Corporación tan implicada como ésta en materia de saneamento, pero non de agora, de sempre; foi para nós unha actuación prioritaria; e non pode vostede chegar aquí e empezar a descalificarnos decindo que non fixemos nada, iso non o cree nin vostede mesmo; eu non quería recordarlle todo isto pero non me quedou máis remedio, sexa humilde e recoñezca que se fixo moito, e que queda moitísimo por facer, por suposto. Eu cando teño que recoñecer as cousas as recoñezco, e sempre dixen que o anterior Conselleiro de Medio Ambiente, o Sr.Vázquez, portouse moi ben con Baiona, cumpriu seus compromisos, e non me importa que sexa do PSOE ou do que sexa, e nós implicámonos, buscamos un sitio para a depuradora entre tódolos portavoces, estaba vostede tamén, pero vostede nunca ten a elegancia de recoñecer o que fan os demais; presume soamente do que fai vostede, que ó fin e ó cabo foi moi pouco. Me indignan esas intervencións e non me queda máis remedio que defenderme e aclararlle as ideas ó Sr.Fernández, que segue sendo un provocador nato; un bo portavoz tamén, pero un provocador nato.

SR.ALCALDE. - O Sr.Fernández a memoria lle falla un pouco, levamos neste equipo xa 5 anos e pico, non 3.

Se está facendo unha revisión do Padrón de saneamento e abastecemento de auga, neste momento, tratando de cruzar datos estadísticos, é bastante complexo; tamén se están facendo proxectos das necesidades; o saneamento do Concello está practicamente pechado, quedarán agora despois de isto soamente grupos de 3 ou 4 casas con problemas serios por tema de bombeos: Nós estamos por diante de todo iso, de feito San Antón ten saneamento dende fai moitos anos, é dos máis antigos; pero o que estamos facendo neste momento, onde podemos, en zonas concretas, ademais é un caso paradigmático, é modificar, cambiar o que é a tubería orixinal que era en formigón e daba moitos problemas por pvc, pero o mesmo tempo creando a rede de separativas e tamén cambiando a tubería de abastecemento de auga.

Ademais, outro tema que había de sempre, que é a traída de auga do Parador, que en vez de ir por camiño público ía por diferentes propiedades, tamén se vai a sacar, lóxicamente coa



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

colaboración do Parador, para facer algo que quede xa no futuro. Todas estas actuacións inclúen tamén cambios de tuberías ou tuberías novas; practicamente o saneamento como tal está pechado pero todavía faremos moitas obras, como decía Manolo Vilar, tratando de actualizar as que quedan obsoletas, e sobre todo, moi importante para o funcionamento da depuradora, as liñas separativas que eliminen as pluviais do que é a rede de saneamento; en iso estamos e dende logo nos últimos anos os plans da Deputación, os plans de Medio Ambiente, de Medio Rural, tódolos plans que conseguimos, foron para saneamento, e creo que aínda que quede por facer o traballo é tratar de actualizar e modernizar tódalas instalacións, o que se poderá ir facendo xa de forma máis tranquila porque temos a conciencia clara de que tódalas vivendas de Baiona van a ter posibilidadeis reais de poder conectar ó saneamento; por iso se fai esta revisión de Padrón: para que todo aquel que ten saneamento conecte á rede, que para iso está; e loxicamente en vez de subir impostos, de feito este ano se baixou o cánon de auga e saneamento, que paguen os que teñen que pagar, para que estemos todos na mesma situación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, en tantos anos que estivo de Alcalde algo tería que facer, porque senón apaga e vamos; eu non dixen que non houbera feito nada senón que o diñeiro que viña, práctica e exclusivamente para saneamentos, que son as bases que trae a Deputación, vostede o invertía na rúa Elduayen para pór en vez de baldosas, perpiaños. Fixo unha serie de afirmacións que non son reais: a miña casa tiña fosa séptica, en Sabaris; o saneamento que existía doutras épocas anteriores non funcionaba. Dixo vostede que en Sabaris non pensamos como vostede, pero resulta que aquí a xente crítica, non de Sabaris senón de tódalas parroquias, que todo se invertía con vostede e co seu goberno no casco de Baiona, que vostede soamente tiña ollos para Baiona. E é verdade que o Parador se conectou á rede de saneamento, pero esqueceuse vostede dunha cousa: ata que estivo o goberno bipartito BNG-PSOE en Baiona o Parador e o Clube de lates nunca pagaron a recollida de lixo, e entre os dous no verán nin lle chegan dous camións de lixo; nunca pagaron lixo.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

- Aprobar los proyectos de obra que a continuación se relacionan:

<u>DENOMINACION</u> <u>ACTUACIÓN</u>	<u>PRESUPUESTO</u>	<u>IVA</u>	<u>PRESUPUESTO</u> <u>DE</u> <u>CONTRATA</u>
Proyecto de Saneamiento Integral de Parroquias en Baiona	278.874,25€	44.619,88€	323.494,13€
Proyecto de Saneamiento en Barrio San Antón	282.919,12€	45.267,06€	328.186,18€

4.-APROBACION DAS BASES DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES SOCIAIS, CULTURAIS, MEDIO AMBIENTAIS, DE PROMOCION DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, XUVENTUDE, DEPORTIVAS, E ACTUACIONS MUSICAIS DO ANO 2010 NO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Co obxecto de fomentar a actividade asociativa e cultural do noso municipio propónse a aprobación das bases para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2010.

Estas bases cumpren co obxectivo de conceder ós interesados unha axuda económica, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de transparencia, e publicidade o abeiro da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Baiona e da normativa existente.

O importe total da consignación para estas axudas ascende a 19.500 € que se imputarán á partida 463-48900 do orzamento de 2009 prorrogado para o 2010, sen prexuízo de que se poida incrementar no Orzamento do ano 2010.

É por isto que propoño ó Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2010 no Concello de Baiona.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.

CONTINUA.- Decir que en el año 2009 se concedieron 40 ayudas por un importe total de 19.080 euros, y se justificaron adecuadamente por 30 asociaciones, suponiendo el año anterior un importe total de 18.256,48 euros; 2 de esas asociaciones percibieron 1.200 euros; 3 de ellas percibieron 720 euros, 15 percibieron 480 euros; 11 de ellas, 360 euros; 4 de ellas, 450 euros; 2, 300 euros; y la última, una, percibió 150 euros; en total han sido 38 asociaciones las beneficiadas por esta subvención.

SR.LORES, POSE.- Antes de empezar decírlle ó Sr.Vilar que esquecémonos no primeiro punto de felicitalle pola súa presenza neste Pleno pola recuperación da súa enfermidade; que sepa que todos o botamos de menos no último Pleno.

Neste punto o Sr.Vilar lle recordaba tódolo que se había feito ó Sr.Fernández, e a mín hai unha cousa que me preocupa é que cando leemos as actas dos Plenos comprobamos que botamos o maior número de tempo falando do que se fixo e pouco de que hai que facer. Pediría unha reflexión porque realmente non estamos pónndo nada para o futuro, estamos sempre botándonos en cara o bó e o malo que fixemos uns e outros, pero realmente non estamos mirando a Baiona do futuro, non estamos planificando dun forma seria, sensata e obxetiva; por iso eu pedía que se fixera un estudio dos saneamentos que faltan; e sei que houbo un esforzo por parte de tódalas Corporacións e todos sabemos que o obxectivo é cumprir o 100% o tema do saneamento; por iso pedía que se fixera un estudio do que falta e cáles son as posibilidades; que o noso esforzo sexa para ver como podemos mellorar, porque o que xa fixemos para ben ou para mal xa está feito; hai que procurar mantér o que se fixo ben e modificar o que se fixo mal; non hai que adicar tanto tempo a falar do que xa se fixo, e sí procurar facer o que queda.

Neste punto temos estas bases de subvención, as mesmas que se veñen presentando noutros Plenos, e nós como sempre nos abstemos agora vamos a absternos tamén; botamos en falta xa non unhas bases distintas senón ver cales son as necesidades do noso Concello a nivel de promoción cultural, porque entendemos que o Concello de Baiona é culturalmente moi rico, hai unha infraestrutura de asociacións culturais e de participación cidadá importante que non



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

estamos aproveitando dende esta Corporación e dende este goberno, e practicamente só pomos en valor a estas asociacións cando temos que recurrir a elas por algún acto ou cando vamos a algún festival de inicio ou clausura; pero realmente hai un traballo serio; Baiona é moi rica en inquedanzas culturais, a xuventude que temos está preocupada polos temas, hai un gran movemento musical, cultural, hai grandes debates que neste Pleno non se están reflexando. Penso que é moi importante facer unha reflexión por parte dos concelleiros de tódolos grupos e ver como podemos pór máis en valor e sacarlle proveito a esta inquietude que os nosos cidadáns teñen; creo que os representantes dos cidadáns, nestes momentos, estamos moi por debaixo da propia sociedade; éste é un tema que ten ou non ten que ver co punto; pero nós neste punto das subvencións vámonos abster; por certo, se collemos a acta do Pleno de febreiro do ano pasado coincidimos nos puntos: Plan E, e subvencións; agora vamos a facer o mesmo, non o vamos a repetir, pero digo que faría falta xenerar un pouquiño máis de ilusión cara á cidadanía e procurar buscar outras alternativas e non acomodarnos nos procedementos típicos que así podemos botar pois moitos anos pero non vamos a facer nada polo noso pobo. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quero tamén felicitar ó Sr.Vilar, aínda que o fixen persoalmente, como portavoz do BNG tamén quero facélo; ademáis está demostrado que cando vostede falta os Plenos duran media hora; isto non pode ser; é moito mellor télo aquí e con saúde; nos alegramos de que así sexa, benvido sexa.

Con respecto a este punto, levamos criticado este tipo de documentos tódolos anos que se presentan porque entendemos que aínda que técnicamente pode ser un documento correcto, politicamente non é adecuado; creo que a concelleira de Cultura debера traballar máis este documento e actuar dalgunha maneira con algunha iniciativa porque hai asociacións neste Concello ás que a subvención que se lle dá pode ser moi rentable e en cambio para outras pode ser unha auténtica migaxa; creemos que ahí é onde está o quiz da cuestión. Se debера traballar máis o documento e enfocálo doutra maneira xa que, como decía o compañeiro Lores, neste Concello sí hai iniciativas culturais moi importantes, incluso temos o sábado ás 6 da tarde un concerto pro-axuda a Haití, que foi por iniciativa propia dos participantes, moi ben pensado e moi ben elaborado, que creo terá un éxito rotundo; isto demostra que sí hai iniciativa, que non é un pobo morto culturalmente, que hai grupos neste Concello que sí merecen moito máis do que se propón nesta moción. E estou seguro de que se a concelleira dispoñera dun orzamento máis amplo o faría doutro xeito, pero aparte de iso penso que necesita un toque persoal e político de iniciativas por parte déla e que é capaz de facélo; a cuestión é que se poña manos á obra, nese caso nós sí o apoiaríamos; pero tal e como se nos presenta este punto seguiremos absténdonos como fixemos ata o día de hoxe. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Felicitar a labor dos concelleiros responsables, aínda que creo que este tema é soamente de Cultura; penso que a concelleira de Cultura analiza e estudia con gran capacidade tódolos temas e me consta que este prego, tal e como ven, está moi pensado e moi elaborado.

Quero dicir que hai que darse conta que os grupos musicais, grupos que dalgún xeito se van a ver beneficiados desta subvención, tamén reciben outras axudas do Concello, porque cando actúan se lles poñen tódolos servizos, dende Vías e Obras, os montaxes, a colaboración permanente tódolos anos; o mesmo que as instalacións que tamén ofrece o Concello, instalacións municipais como son o Auditorio, ou a Casa da Cultura de Belesar, e todos aqueles centros que son de carácter municipal; ou actuacións que se fan aquí o aire libre; creo que o Concello de Baiona está volcado con estes grupos, incluso os integramos no circuito de verán, etc., o que quero dicir é que agora falamos desta subvención pero realmente é a mínima parte do que ofrecemos a todos eses grupos musicais. Sempre se pensa que é insuficiente a axuda que se pode dar, pero consideramos que o Concello está moi volcado con eles, que vamos na boa liña e que é correctísima esta distribución que se fai con transparencia, que é o máis importante.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.RODAL, PP.- El Sr.Fernández comentaba que para muchos esta subvención es muy pequeña y en cambio para otros es muy rentable; yo creo que estas cantidades, desgraciadamente, no son rentables para ninguna asociación; ojalá pudiesen ser importes mucho más elevados pero viendo otros años estamos en donde estamos. Y como bien comentó Manolo Vilar, desde el Ayuntamiento no solo damos estas subvenciones sino que a nivel deportivo y cultural apoyamos con todas las infraestructuras que ofrecemos; así como a nivel personal, desde la Concejalía de Manolo, apoyando todos los montajes de los actos; apoyo que a veces no se ve.

Comentaba el Sr.Lores que en los Plenos siempre se está hablando del pasado y no del presente; quizás tanto usted como yo llevemos menos tiempo en la política, pero hay gente como el Sr.Fernández o el Sr.Vilar que tienen una trayectoria de muchos años y entonces es normal que se explayen en sus manifestaciones; también podemos ver a nivel nacional que el PSOE, después de 6 años de gobierno, sigue diciendo que la culpa es del PP de antes; así es un poco la política.

Yo también le digo a Manolo Vilar lo que le dijo el Sr.Fernández de que le echamos en falta en el otro Pleno; creo que duró 35 minutos exactos, y le echamos en falta no sé si por los piques que tiene a veces con el Sr.Fernández ó porque se expande muchos en los temas.

Creo que este equipo de gobierno entiende la Cultura con un concepto diferente, y definiendo siempre a la concejala, María Iglesias, porque todos sabemos que está haciendo una labor tremenda; y también creo que quizás es la primera vez que desde el Ayuntamiento se está trabajando en cooperación, porque ¿qué es Cultura?, ¿tiene que ser María Iglesias?, no, desde hace tiempo estamos trabajando desde distintos campos, por ejemplo, en la Fiesta de la Lura hubo cooperación de Cultura, Comercio, y Turismo; ahora mismo estamos intentando potenciar muchísimo más ese bello observatorio que tenemos de la naturaleza, único, y lo está haciendo Medio Ambiente (Manolo Vilar), lo está haciendo Educación, y también Turismo, Camino portugués de la costa, que por cierto, tengo que dar las gracias a todos los miembros de la Corporación municipal porque gracias a aquel día en que lo aprobamos aquí pasándolo después a los distintos Ayuntamientos fijense donde estamos, pues gracias a eso; y a nivel cultural, a mí me dá igual que el camino de la costa sea por devoción xacobeá de ir a Santiago, o sea a nivel deportivo porque hay gente que hace senderismo, o sea a nivel turístico; para mí todo es Cultura. En Cultura está todo un poco mezclado y por eso en este Ayuntamiento trabajamos en conjunto; obviamente la responsable es María Iglesias, pero todas las concejalías (y algunas no las he nombrado) estamos trabajando conjuntamente en un montón de actos; la Arribada siempre fué así y ahora, como he dicho, estamos potenciando otros. Y no creo que sea como decía el Sr.Lores que estamos trabajando y pensando siempre en pasado, estamos trabajando en presente (obviamente el pasado de Baiona es muy importante y enriquecedor), y sobre todo en futuro; en el camino portugués de la costa hay gente que llevaba trabajando más de 15 años en él y gracias a este Municipio pues ahora está reconocido; eso va a representar a nivel cultural algo tremendo; aparte de turístico, obviamente, con los peregrinajes; y de toda la divulgación que vamos a tener mediática a nivel mundial. Pienso que este equipo de gobierno lo está haciendo muy bien en ese aspecto; de nuevo felicitar a María Iglesias, y que sigamos muchos años gobernando así trabajando conjuntamente. Muchas gracias.

SR.LORES, POSE.- No sé si a nivel de Estado se está falando do que dixo vostede; pero eu boto en falta xustamente esa proxección de futuro; o que estamos vindo en tódolos Plenos é que sempre vamos por detrás da nosa sociedade cando penso que deberíamos empezar a ir un pouco por diante; noto esa falta de xenerar ilusións e incluso estratexias para potenciar non solo o que xa hai, senón o que está por vir; parece que nos quedamos un pouquiño coxos; falta de perspectiva de futuro; iso para min é un déficit, independentemente de que é moi lexítimo que o Sr.Vilar que levou moito tempo de Alcalde e que fixo moitas cousas ben, que as poña en valor; indudablemente que fixo moitas cousas; tamén o Sr.Almuiña; poden estar ben ou estar mal, pero están ahí feitas; pero eu boto en falta que cando aínda non entramos no período electoral, e cando aínda estamos no período da xestión e de mellorar a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

calidade de vida dos nosos veciños, que non haxa un esforzo por poñer por diante ese impulso que dispare a Baiona.

Sobre o que dixo o Sr.Rodal, ¿qué quere que diga?: "justificación no pedida, acusación manifiesta"; eu teño entendido que este é un equipo de goberno; se vostede ten que explicalo é porque as cousas non deben ir tan ben; eu dou por feito que este é un equipo de goberno.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Efectivamente, Sr.Lores: "dime de que presumes y te diré de lo que careces". En todo caso quixera decirlle ó Sr.Rodal que a nós parécenos unha migalla unha subvención de 300 euros a un colectivo, e ao mellor pois moi rentable 100 euros para outro; máis que nada pola actividade que desenrola durante todo o ano; simplemente esa apreciación, e decir que creemos que se deberan estudar máis polo miúdo todas estas cuestións.

SR.VILAR, CMÑ.- Simplemente decir que antes nomeamos porque o Sr.Lores sacou a colación o tema de Cultura, pero hai que darse conta de que esta proposta é para actividais sociais (concellería de Angeles Silva), de actividades culturais, de medio ambiente, de promoción de igualdade de oportunidades, que tamén dirixe Angeles Silva; actividades de xuventude, e deportivas; trátase un pouco de regulamentar tódalas actividades, non soamente as de Cultura; e as veces no debate concretamos nunha concellalía soamente. Nada máis.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 6 abstencións (4,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2010 no Concello de Baiona.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.

5.-INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE EXTINCIÓN DA CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DE DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE A INSTALACIÓN DE QUIOSCO CONCEDIDA A DÑA.ISABEL MARTÍNEZ ALVAREZ.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- En sesión plenaria de data 15 de setembro do 2000 o pleno da corporación adxudicou a concesión do uso privativo da vía pública mediante a instalación de quioscos de periódicos, libros e revistas na rúa Elduayen nº 20 e 21 a Dña. Isabel Martínez Álvarez por un prazo de quince anos.

Segundo.- En data 25/06/2009 a Policía Local informa de que no quiosco de referencia se atopou no interior a que manifestou ser empregada Dña. Ana María Costas Castro e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

preguntadas se tiñan licenza municipal de concesión dos quioscos manifestaron que a documentación a tiña o seu xefe Juan carlos.

Terceiro.- A cláusula 13 do Prego de condicións polo que se rexe a concesión do uso privativo da vía pública mediante a instalación de quioscos establece como deber do concesionario *"Explotar de manera personal la actividad a que se destine el quioscos, si bien será lícito que tal actividad pueda ser ejercida por familiares de hasta el primer grado exclusivamente, en caso de enfermedad del concesionario y no formen parte de otra familia, no pudiendo tener empleados"*

Cuarto.- Por resolución de 25/06/2009 e posterior corrección de erros de data 13/07/2009 requeriuse a Dna. Isabel Martínez Álvarez que no prazo de dez días presentase a documentación acreditativa da relación existente con Dna. Ana María Costas Castro ós efectos do sinalado no artigo 13 do prego sen que a interesada presentase alegacións.

Quinto.- En data 10/11/2009 a Policía Local informa de que no quiosco sito na rúa Elduayen num. 20 se atopaba no interior do mesmo quen manifestou ser empleada Dna. Ana María Costas Castro e preguntada si tiña licenza municipal manifestou que non a tiña e que toda a documentación a ten o seu xefe.

Sexto.- En data 1/12/2009 incoase expediente sancionador a Dna. Isabel Martínez Álvarez polo incumprimento da cláusula 13.f) do Prego de condicións polo que se rexe a concesión do uso privativo da vía pública mediante a instalación de quioscos por ser estes feitos constitutivos dunha infracción moi grave.

Sétimo.- En data 22/12/2009 núm. RE 9546 Dna. Isabel Martínez Álvarez presenta escrito de alegacións no que sinala a imposibilidade de transmisión de concesión a un familiar e solicita que se autorice a transmisión da concesión a favor de D. Juan Carlos Fernández Díaz.

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

Primeiro.- Consonte o artigo 75 do RB o uso privativo é o constituido pola ocupación dunha porción de dominio público de modo que limita ou exclúa a utilización polos demais interesados. O artigo 78.1.a) do RB suxeita a concesión administrativa o uso privativo de bens de dominio público.

Segundo.- O artigo 3 do Prego de Cláusulas Administrativas sinala: *"Atendidas las razones sociales que motivan la presente concesión, la selección de contratistas se efectuará mediante concurso cuya resolución se hará mediante la aplicación de los siguientes criterios de preferencia:*

-CRITERIOS DE SELECCION:

- 1.-Carecer de ingresos económicos familiares suficientes. Anexo 1.
- 2.-Residir en el Municipio.
- 3.-Circunstancias socio-familiares. Anexo II.
- 4.-Experiencia laboral."

Tercero.- O artigo 13.2 do Regulamento de Servizos sinala "Las licencias concernientes a las cualidades de un sujeto o al ejercicio de actividades sobre bienes de dominio público serán o no transmisibles, según se prevea reglamentariamente o, en su defectos, al otorgarlas".

A estos efectos o artigo 13.e) do prego de condicións sinala *"Al tratarse de una concesión que se otorga en base a las **circunstancias personales y condiciones familiares del solicitante, no será transmisible dicha concesión a terceros. Se admitirá únicamente la***



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

transmisión a título gratuito a miembros de la familia, exigiéndose que medie una relación de parentesco de, exclusivamente, primer grado, y siempre que el Ayuntamiento compruebe que subsisten las circunstancias que motivaron la concesión.

Asemade o artigo 13. f, relativo aos deberes do concesionario sinala: *“Explotar de manera personal la actividad a que se destine el quiosco, si bien será lícito que tal actividad pueda ser ejercida por familiares de hasta el primer grado exclusivamente, en caso de enfermedad del concesionario y no formen parte de otra familia, no pudiendo tener empleados.”*

Cuarto.- O artigo 22 do prego sinala “La concesión se extinguirá:

- Por falta de pago del canon.
- Por el transcurso del plazo.
- Por renuncia del concesionario.
- Cese de las condiciones socio-económicas que motivaron la concesión.
- Por sanción con arreglo a lo que procede según lo dispuesto en este pliego.
- Por desafectación del bien.
- Por revocación de la concesión.
- Por resolución judicial.”

Do escrito de alegacións presentado por Dna. Isabel Martínez Álvarez resulta que a interesada reconece expresamente que xubilouse de forma anticipada polo que implícitamente se entende que a Sra. Isabel Martínez renunciou a explotación do quiosco.

Neste senso o artigo 165 do Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de Seguridad Social, sinala: *“1. El disfrute de la pensión de jubilación, en su modalidad contributiva, será incompatible con el trabajo del pensionista, con las salvedades y en los términos que legal o reglamentariamente se determinen.”*

Quinto.- Respecto a transmisión da concesión cómpre sinalar que Sra. Isabel Martínez expresamente reconece a imposibilidade de transmisión desta a ningún familiar consaguineo polo que a transmisión solicitada incumpre o establecido no artigo 13.e) do prego de condicións.

Sexto.- Respecto a solicitude de modificación do contrato segundo o establecido no artigo 101 LCSP, este artigo determina *“Una vez perfeccionado el contrato, el órgano de contratación sólo podrá introducir modificaciones en el mismo por razones de interés público y para atender a causas imprevistas, justificando debidamente su necesidad en el expediente. Estas modificaciones no podrán afectar a las condiciones esenciales del contrato”.*

Dado que o contrato de concesión de uso privativo para instalación de quioscos se basa en razóns sociais e en atención as circunstancias personais e familiares a modificación que se propón afecta as condicións esenciais do contrato (artigo 5 RS e 13.e) do prego polo que debe desestimarse a petición.

Sétimo.- De acordo co artigo 17 do prego de condicións os quioscos instalados revertirán o Concello *“Al término del plazo de la concesión revertirán a propiedad del Ayuntamiento los quioscos instalados. Estos deberán encontrarse en buen estado de conservación, a cuyo efectos, y como mínimo 15 meses antes de finalizar el plazo de concesión el Ayuntamiento designará los técnicos para inspeccionar el estado en que se encuentran los quioscos, ordenando, a la vista de los resultados de la inspección técnica, la ejecución de las obras y trabajos de reparación y reposición que se estimasen necesarias para mantener aquéllas en las condiciones previstas.”*



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Las obras y trabajos de reparación o reposición que deban efectuarse serán de cuenta del concesionario.

Por otra parte el concesionario vendrá obligado a abandonar y dejar libres y vacíos, a disposición de la Administración, dentro del plazo, los bienes objeto de utilización y a reconocer la potestad de aquélla para acordar y ejecutar por sí el lanzamiento".

Polo exposto e a vista do informe xurídico emitido pola Secretaría do Concello de data 21 de xaneiro de 2010 propoño os membros do Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de transmisión da concesión do uso privativo da vía pública mediante a instalación de quioscos de periódicos, libros e revistas na rúa Elduayen nº 20 e 21 solicitada por Dna. Isabel Martínez Álvarez a favor de D. Juan Carlos Fernández Díaz por resultar contraria o artigo 13.e) do prego de condicións.

Segundo.- Desestimar a solicitude de modificación do contrato que regula a concesión xa que a modificación proposta afecta as condicións esenciais do contrato.

Terceiro.- Incoar expediente de extinción da caducidade da concesión do uso privativo da vía pública mediante a instalación de quioscos de periódicos, libros e revistas na rúa Elduayen nº 20 e 21 concedida a Dna. Isabel Martínez Álvarez polo Pleno da Corporación en sesión de data 15 de setembro do 2000.

Cuarto.- Designar a Dna. María Rosa del Riego Santos, interventora do Concello de Baiona instrutora do procedemento de conformidade co artigo 77 da LRXPAC indicando ó denunciado que ó abeiro do establecido no artigo 79 da LRXPAC poderá, en calquer momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia, aducir alegacións e xuntar documentos ou outros elementos de xuízo.

SR.LORES, PSOE.- Este expediente está avalado polos servizos técnicos e xurídicos, Interventora e Secretaria, polo tanto non temos nada que dicir; o que si nos preocupa é como quedan os quioscos como servizo público, creo que iso é o que falta aquí por decidir, unha vez que este procedemento conclúa. Se procede que lle quiten, como está previsto, a concesión, que vai a pasar despois; si sairá un novo concurso público e cómo se vai a garantir que os 2 quioscos que están nestes momentos na rúa Elduayen pois fagan o servizo que teñen que facer como servizo público, servizo máis importante e fundamental para Baiona. Primeiro, dicir que nós estamos dacordo co expediente que avalan os servizos do Concello, e despois pedir ó equipo de goberno que garantice o funcionamento dos quioscos da calle Elduayen.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Tampouco temos nada que dicir do expediente que se abriu, está dentro da legalidade, cumpre tódolos requisitos, e o que sí quixeramos dicir Sr.Alcalde é que eu o outro día non pude chegar á Informativa, cheguei tarde por problemas laborais, e si lle indiquei cal é a postura do BNG; dende logo os quioscos en case tódalas cidades e vilas se crean por unha necesidade de darlle inicialmente cobixo a certas persoas que vendían na rúa e sufrían unhas inclemencias meteorolóxicas como naquel momento eran os vendedores da ONCE, e se crearon os quioscos, figura pública que se daba en concesións, e eu non sei si a persoa ésta en cuestión foi consciente da inversión que facía e da rentabilidade que lle podía sacar, en todo caso o expediente cumpre coa Lei e non hai ningunha obxeción. O que quixera dicir é retrotraerme á anterior manifestación que facía con respecto ó uso social destas instalacións, nós creemos que os quioscos deben de ser utilizados para fins públicos e sociais; o outro día indicáballe ó Alcalde que entendemos que non se deberan de renovar as



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

concesións dos quioscos; non se deberan de renovar senón de facer convenios con institucións como por exemplo co COGAMI, que é a Confederación Galega de Minusválidos, e chegar a acordos con eles xa que neste Concello hai xente discapacitada que ten uns ingresos mínimos para poder subsistir na economía na que hoxe en día se move, e que era unha importante fonte de ingresos poder dispón dunhas instalacións deste tipo, cunhas condicións máis ou menos como as que tiñan ata agora nestas concesións e deste xeito pois aliviar moitas economías de veciños de Baiona; e digo que os convenios se poderán levar con COGAMI, por exemplo, esixindo, lóxicamente, que os beneficiarios, sobor de todo, foran veciños e veciñas de Baiona. Creo que é a maneira de enfocar este tema e nós estaríamos dispostos a colaborar co goberno local no que dispoña. Creemos que este punto é en cumprimento da lei e xa estaba escrito e establecido así e polo tanto non temos nada que obxetar.

SR.VILAR, CMÑ.- Este é un expediente que está moi montado, moi elaborado, e hai unanimidade de tódolos grupos políticos para resolvélo. Baiona é unha localidade na que o solo público está moi controlado e moi regulado; eu recordo cando se eliminou a famosa Churrería "Emilín" do Paseo Ribeiro; ou cando a estes kioscos se lles obrigou a adaptarse cunha tipoloxía máis moderna e máis adaptada á primeira liña onde estaban, se lle deu a oportunidade aos 3 que existían na rúa Elduayen, e a ún non lle resultou rentable e renunciou á concesión; quedaron 2 que tiñan o amparo da ONCE, que, por certo, a ONCE tamén colaborara financeiramente a mellorar esa estrutura. Creo que neste caso todo está perfectamente regulado, unha persoa se xubila, non hai parientes de primer grado, non é posible esa transmisión que nós intentamos sempre mantér en cumprimento da lei; e creemos que os quioscos na rúa Elduayen exercen unha función importante xa que non só son interesantes pola venda de cupóns, como era no seu día, senón pola prensa diaria; Baiona é un escaparate de primeira liña e eses quioscos fan unha labor que gusta a tódolos visitantes, polo tanto nosa obriga é mantér eses quioscos. Outra cousa é a inversión que se fixo; todo iso está regulado por lei e temos que axustarnos ó tema; se hai que facer un concurso pois a xente terá que competir nese concurso e adquirir uns dereitos que por lei lle corresponden. Non nos queda máis remedio que tomar esta decisión; sen perxudicar a nadie pero abrindo expectativas a todo o mundo. Nosa liña está clara e creo ademáis que é unánime por parte de tódala Corporación; estamos a favor porque non podemos estar en contra porque é imposible, apoiar o tema posto que é legal e é o que marca a Lei.

SR.RODAL, PP.- Respecto a lo que comentó el Sr.Fernández de la extinción, esta concesión, del uso de vía pública por la explotación de un quiosco, era por 15 años, desde el 2000 hasta el 2015, pero tiene una extinción, no es prorrogable; en el supuesto de que se llegase al 2015, tendría que sacarse una nueva concesión, no es prorrogable. Decirle que creo que en el 2000, tanto el quiosco que regía Plácido como el de Isabel, aparte ya se comentó antes, lo dijo Manolo Vilar, hay unas connotaciones económicas; la economía familiar de esa persona concesionaria y también por minusvalías tienen una puntuación; en el caso de Isabel sí tenía una minusvalía, y en el caso de Plácido también; entonces en ese año 2000 se había puntuado más.

SR.ALCALDE.- Está claro que agora hai que facer unhas novas bases; aceptamos e estamos encantados coas aportacións da oposición; pero hai un principio fundamental que é a publicidade, é decir, isto non se pode pechar a nadie en concreto, nin a organizacións, nin a persoas; poden aspirar tódalas persoas que en principio queren, pero evidentemente vai ser concurso onde haberá unha serie de condicións, e non subasta; estamos abertos ás aportacións que se podan facer dende a oposición para integrálas; a Secretaría xeral xa está traballando no tema pero non está para nada pechado todavía o asunto.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de transmisión da concesión do uso privativo da vía pública mediante a instalación de quioscos de periódicos, libros e revistas na rúa Elduayen nº 20 e 21 solicitada por Dna. Isabel Martínez Álvarez a favor de D. Juan Carlos Fernández Díaz por resultar contraria o artigo 13.e) do prego de condicións.

Segundo.- Desestimar a solicitude de modificación do contrato que regula a concesión xa que a modificación proposta afecta as condicións esenciais do contrato.

Terceiro.- Incoar expediente de extinción da caducidade da concesión do uso privativo da vía pública mediante a instalación de quioscos de periódicos, libros e revistas na rúa Elduayen nº 20 e 21 concedida a Dna. Isabel Martínez Álvarez polo Pleno da Corporación en sesión de data 15 de setembro do 2000.

Cuarto.- Designar a Dna. María Rosa del Riego Santos, interventora do Concello de Baiona instrutora do procedemento de conformidade co artigo 77 da LXPAC indicando ó denunciado que ó abeiro do establecido no artigo 79 da LXPAC poderá, en calquer momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia, aducir alegacións e xuntar documentos ou outros elementos de xuízo.

6.-MOCIONS.

- MOCION DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO.

Explica o **SR.ALCALDE** que presentase por Urxencia a seguinte Moción do Grupo de Goberno pola necesidade da premura das obras que nela se citan.

Sometida a votación a Urxencia da Moción, resulta aprobada por unanimidade.

O **SR.RODAL, PP**, dá lectura á seguinte MOCION:

MOCIÓN

Resultando que en fecha 27/11/2009 se publico en el BOE el Real Decreto ley 13/2009, de 26 de octubre, por el que se crea el Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local y en fecha 2/11/2009 se publico en el BOE la resolución de 2 de noviembre de 2009, de la Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, por la que se aprueba el modelo para la presentación de solicitudes y condiciones para la tramitación de los recursos librados con cargo al Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

Resultando que dicho fondo está destinado a financiar la realización por los Ayuntamientos de inversiones generadoras de empleo y actuaciones de carácter social de competencia municipal que contribuyan a la sostenibilidad económica social y ambiental.

Resultando que el Ayuntamiento de Baiona en función del criterio de reparto del fondo según el artículo 3 del Real Decreto-Ley 13/2009 le corresponden **1.294.694 EUROS** que deberán destinarse a obras de nueva planificación y ejecución inmediata, entendiéndose por obras de



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

nueva planificación aquellas cuya ejecución no esté prevista en el presupuesto consolidado de la entidad local para el año 2009 ni en el Presupuesto consolidado para 2010.

Resultando que la Junta de Gobierno local en sesión de 30 de diciembre de 2009 adoptó acuerdo de aprobación de, entre otras, las siguientes actuaciones que el Ayuntamiento de Baiona realizará con cargo al Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

DENOMINACION ACTUACIÓN	Nº PERSONAS A OCUPAR	PRESUPUESTO	IVA	PRESUPUESTO DE CONTRATA
Proyecto de construcción de puntos ecológicos	4 trabajadores	103470,5€	16.550,28€	120.025,78€
Proyecto de sustitución de falso techo de auditorio, reparación de humedades y obras complementarias	4 operarios	95.497,5€	15.279,60€	110.777,10€
Proyecto de Patio Cubierto y obras complementarias en colegios	6	134.589,00€	21.534,24€	156.123,24€

Resultando que en fecha 15 de enero de 2010 el Secretario de Estado de Cooperación Territorial ha dictado resolución de autorización para la financiación de la inversión "Proyecto de Construcción de Puntos Ecológicos" y posteriormente en fecha 25 de enero de 2010 Proyecto de sustitución de falso techo de auditorio, reparación de humedades y obras complementarias y Proyecto de Patio Cubierto y obras complementarias en colegios, con los recursos del Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local.

Resultando que el artículo 22.1.ñ de la Ley 7/85, de bases de régimen local es competencia de pleno la aprobación de los proyectos de obras y servicios cuando no estén previstos en los presupuestos.

En virtud de lo expuesto se propone al Pleno, previo dictamen de la Comisión Informativa de Asuntos de Pleno la adopción del siguiente acuerdo.-

Primero.- Aprobar los proyectos de obra que a continuación se relacionan:

DENOMINACION ACTUACIÓN	PRESUPUESTO	IVA	PRESUPUESTO DE CONTRATA
Proyecto de construcción de puntos ecológicos	103470,5€	16.550,28€	120.025,78€
Proyecto de sustitución de falso techo de auditorio, reparación de humedades y obras complementarias	95.497,5€	15.279,60€	110.777,10€
Proyecto de Patio Cubierto y obras complementarias en colegios	134.589,00€	21.534,24€	156.123,24€



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.LORES.- Nos gustaría que explicaran un pouquiño máis que é o Proxecto de construción de puntos ecolóxicos xa que é unha cousa moi xenérica. Estas obras se están facendo, e se van a facer, polo tanto non vamos a estar en contra delas, aínda que ao mellor habería outras; pero realmente éstas que aquí sinalan había que facélas. O patio cuberto ao mellor poderíase facer por outra vía, da Consellería, pero faise por ésta, está ben. Pediríamos que nos explicaran que son eses proxectos de construción de puntos ecolóxicos. Nós vamos a votar a favor desta moción; comentar simplemente que damos por feito que o 20% vai ir para gasto corrente.

SR.ALCALDE.- Faltan dous proxectos por aprobar; ún é de eficiencia enerxética, tema de iluminación pública; e outro é un pequeno saneamento; porque se ía adicar unha pequena inversión, como comentamos na Comisión, ao tema de barreiras arquitectónicas de accesibilidade e non está permitido como tal; entón o vamos a facer, cando teñamos o presuposto, con fondos propios do Concello, e ahí meteremos ese proxecto pequeno do saneamento, o de eficiencia enerxética, e despois un porcentaxe para gasto corrente de Educación, concretamente.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non saían as contas, grazas, Sr.Alcalde, pola aclaración; faltaban 250.000 euros e non nos saían as contas; en todo caso xa non era a totalidade de saneamento a que se facía, aínda queda outro por ahí.

A mín facíanme grazas as verbas do Sr.Vilar; decía que o BNG era un desastre de partido, un caos total; pois mire vostede, as últimas inversións que se fixeron en Baiona por parte da Xunta foron por parte do BNG, do bipartito, perdón; a construción da galescola, e a do Centro de Día, que leva non sei canto tempo parado e non se sabe porqué, e tamén as vivendas sociais, ¿se acorda, non?. Fíxese vostede que era tan desastroso e o diñeiro que truxo para Baiona.

SR.ALCALDE.- No caso das vivendas sociais o solo é do Concello.

SR.FERNANDEZ, BNG.- E a xestión da Consellería de Vivenda, Sr.Alcalde; que agora mesmo, co plan de vivenda deste goberno, non é posible facer o mesmo; é imposible.

SR.ALCALDE.- Perdón, as dous parcelas de aproveitamento para vivendas de protección son do Concello de Baiona.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Que vendeu.

SR.ALCALDE.- Que vendeu pero que se utiliza a un prezo determinado. Neste caso a cooperativa é unha empresa privada. E tamén quero recordar, para que o PSOE non se sensibilice, que a inversión máis grande foi a de Medio Ambiente, que é a depuradora.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Digo isto polo que dixo o Sr.Vilar do BNG: partido desastroso, mala xestión; pois miren, o PP está por demostrar, como se puña nas cartillas da mili: "el valor se le supone"; pois igual co PP: se lle supón que vai facer algo pero de momento non fai nada; veñen aquí os conselleiros, ven o Presidente, me parece estupendo pero a ver cando soltan un pouquiño de pasta porque senón vai deixar quedar ó Alcalde bastante mal entre a vecindade; ao mellor é por falta de peso político; dese xeito, o Alcalde ten que buscar vida, naturalmente, e resulta que vai a facer a tan cacareada cuberta do Colexio de Fontes con diñeiro de Fondos do Estado cando tiña que ser a Consellería de Educación quen a fixera; a Consellería era quen tiña que facer esta obra; como é a Consellería de Cultura quen tería que facer a reparación do Auditorio; pero claro, ó PP pásalle como lle pasou a vostede gobernando: cando estaba outro partido na Xunta gobernando todo era culpa deles, absolutamente todo; agora que están os nosos, corpo a terra que veñen os nosos; nin un can; e as obras que tiña iniciadas o bipartito, como a circunvalación de Baiona, os veciños



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

aínda están despois de moitos días de inauguración esperando a que se terminen; o Alcalde lles prometeu ós veciños que ían a facer todo e aínda están á espera de que rematen as obras; que por certo, hoxe pasei pola carretera de Gondomar e alí non traballa ninguén, non sei si é festivo na construción de autoestradas ou que pasa, pero non traballa ninguén.

Teño que criticar que nos dean un par de segundos antes de comenzo o Pleno este documento tan importante; o critico abertamente; e despois, co reparto que fan de todo este diñeiro nós non estamos dacordo; estamos dacordo en que se teñen que facer estas obras pero con outro tipo de inversións, non coas inversións do Plan E. E quero advertirlle unha cousa: eu non sei cantos traballadores van a meter de Baiona esta xente; aquí pon 4 traballadores, 4 operarios, 6 traballadores; como sexa como o Plan E anterior pois flaco favor lle vai a facer ós parados de Baiona, porque eu puden comprobar non só neste Concello senón incluso en Gondomar que empresas de aquí contrataron traballadores portugueses e non teño nada en contra, nin unha postura xenófoba en contra deles, non é unha cuestión xenófoba, é cuestión de que este Plan está creado para dar traballo a xente nativa de aquí e non o está conseguindo; pero nin aquí nin en ningún sitio; isto está mal; e volveron a meter a pata outra vez; o Estado, e os Concellos tamén; porque se fan as bases mal; se fan mal as bases dos concursos.

SR.ALCALDE.- En Vigo, onde goberna o BNG co PSOE, exactamente igual, o 90% era de nacionalidade portuguesa.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Dígolle que isto non funcionou; isto fixo augas por tódolos lados; en cambio si se fan as cousas doutro xeito, que hai maneiras de facélas, outro galo cantaríaa. Eu creo que facendo as cousas ben, saen ben; si se fan mal, naturalmente saen sempre mal. Nós estamos dacordo en que se fagan estas obras, naturalmente, pero non con estes cartos; estes cartos deberan ir a outros obxetivos e cumprir os obxetivos principais que tiña o goberno, que inicialmente eran correctos pero que non se cumpriron nin se van a cumprir tampouco con isto. A vista do que hai non se van a cumprir.

SR.VILAR, CMÑ.- Cando ún leva tanto tempo en política e escoita isto por parte da esquerda é que ún alucina, ¿vostede sabe cal é a primeira estrofa da Internacional?: "Vivan los pobres del mundo"; vostede é un señor de esquerdas e resulta que un traballador portugués non ten dereito a vir a traballar a España; claro que ten dereito, por solidariedade internacional; e vostede, un home de esquerdas, sen dúbida, resulta que critica que veñan portugueses; pois mire, ao mellor eses traballadores veñen aquí para alimentar ás súas familias, porque a crisis nos afecta por igual a España, a Portugal, a todos, e penso que temos que ser solidarios, e ademais como di a señora Secretaria somos membros da Unión Europea e polo tanto os traballadores españois poden ir a traballar a Francia, os portugueses poden vir aquí, etc.; iso é algo moi difícil de evitar. Para mín ese non é o problema; posiblemente o problema é que aquí se intenta resolver unha crisis económica co Plan E e todos sabemos que iso non está resolvendo o paro nin está resolvendo a crisis; pode que esté axudando algo temporalmente pero tamén se están vaciando as arcas do Estado, está subindo o IRPF porque se gasta demasiado e logo non hai fondos de cohesión social; o tema é dunha complexidade enorme. Centrándonos no punto, eu creo que no tema de eficiencia enerxética estaremos dacordo, é un tema importante porque supón un gran aforro económico e todos sabemos que hai que apuntar por ahí; eu lamento que non nos aprobaran o tema da eliminación de barreiras que para nós era tan importante, que se eliminaran as barreiras en tódolos Concellos, algo moi necesario pero que non nolo aprobaron; quedou demostrada a nosa vontade e teremos que aprobalo por outra vía.

Respecto ó peso do Alcalde de Baiona no PP, eu non o dudo, e se agora facemos estas obras da Consellería nós tamén sabemos venderlle á Consellería que asumimos unha serie de responsabilidades e terán que invirtir noutro momento, e tamén digo que o anterior Goberno deixou a Xunta esquilhada e endebedada; iso é unha realidade clara. Eu o sei posto que acudín a unha reunión co Secretario técnico de Educación, que fixo un gran esforzo a anterior



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Xunta cando resolveu o tema eléctrico do Colexio de Fontes, iso foi o prioritario, e agora que nós teñamos que resolver isto tampouco é descabellado, entra dentro do normal xa que ó fin e ó cabo se van a beneficiar os nenos de Baiona. E o problema do falso teito do Auditorio é unha mellora municipal, é unha iniciativa de Cultura, e me parece positivo.

O tema dos puntos ecolóxicos que me decían que lles aclarase un pouco; temos aquí na zona do Paseo Ribeira un punto ecolóxico que creo que dá moi bo resultado, todos sabemoss o espectáculo que había antes no Paseo Ribeira; e agora, a pesar de ser unha construción artesanal por parte dos operarios municipais, funciona bastante ben, razoablemente ben; ou sexa, que hai recollida selectiva; nunha zona tan sensible como é a Palma e o Paseo Ribeira iso está ahí perfectamente camuflado; e son moitísimas as asociacións, os veciños, que nos dicen que exportemos ese modelo ás distintas parroquias e ás distintas zonas de Baiona, por exemplo, imaxinen un punto ecolóxico en Carabela Pinta, ou na zona de cemiterio de Belesar, ou en Sabarís na zona do Mercado, ou en Baredo; esa é un pouco a idea: que estes puntos ecolóxicos mellorados, por suposto, coa posibilidade incluso de incrementar a recollida selectiva, se estendan a todo o Concello. Hai moitísimos modelos, cantidade de temas para ver en canto ós puntos ecolóxicos, e creo que é un beneficio importante para todos. Está demostrado que os contenedores soterrados, aínda que nós temos aquí un exemplo que agora está funcionando ben, non son a solución; incluso en Vigo tiveron que pechar cantidade de contenedores soterrados. Creemos que os puntos ecolóxicos ó aire libre son moito máis eficientes. Esta é a aclaración que lles fago; e tamén quero recordarlle ó Sr. Fernández que as vivendas sociais foron posibles porque Baiona era un Concello con planeamento urbanístico, e o aproveitamento que había do 10% das diferentes áreas de planeamento se destinaron a vivendas sociais, como xa antes se había feito en Escubichas. Coidado, que se vostede fala da Xunta anterior, haberá que falar da desfeita que tiñan co Plan de vivendas de vir aquí e acotar un polígono en Sabarís sen respetar os dereitos e facer vivendas, miren vostedes a movida que se montou en Nigrán e noutros moitos Concellos, que foi ún dos grandes problemas que tivo o BNG: esa descoordinación que había, Vivenda por un lado, e Urbanismo por outro; coidado, esa é unha lección que ten que aprender o bipartito para non repetirla nun futuro, porque a democracia é alternancia e ninguén di que o día de mañán non teñan de novo que gobernar xuntos.

E da galescola mellor non falar; mellor non falar porque todo estupendo, nos invirtiron moitos cartos, moitas cousas, pero é que sobaban cartos daquela na Xunta e non sabían onde gastalos; é mellor non falar. E tampouco do Centro de Día; non é responsabilidade do Concello de Baiona; que o Concello de Baiona está actuando con moito rigor, así me consta, o Alcalde está asumindo este tema con moita responsabilidade; pero cando as cousas mal empezan, mal acaban; aínda así, esperemos que acaben ben. Moitas grazas.

SR. RODAL, PP.- Creo que todos estamos de acordo como fué en el primer Plan E; creo que de aquela se decía que a nivel estatal iba a haber 300.000 puestos de trabajo, eventualidades de 4 meses, como mucho hasta 9 meses; todos sabiamos que eso enmascararía un poco el paro que había a nivel nacional pero en el momento que acabasen las obras, el día 31 del pasado año, a esa gente no se le iba a renovar; todos lo teníamos clarísimo, y en este nuevo Plan pasará lo mismo. Otra cosa es que pueda haber un maior control, como todos apostamos desde esta Corporación, para que entre más gente en estas empresas dentro del convenio, dentro de lo legal, de nuestro Municipio; sabemos que esto es así, en un principio dijimos que a todos los municipios, y sobre todo las grandes áreas, son los maiores beneficiarios, ¿porqué? porque es un dinero de inversión que nos llega a todos y obviamente maravilloso sea, pero no es la solución para el empleo ni mucho menos tal y como está ahora el país, todos lo podemos ver todos los días en el canal que sea, ahora mismo ya no depende de un canal político ó de otro canal político; es un verdadero desastre. También comentar que nunca se hicieron tantas humanizaciones, sea en Madrid, en Barcelona, ya no digo Vigo; humanizaciones por todos lados; creo que en momentos de crisis hay que ir a otras cosas, y en este caso hemos dicho que un 50% va para saneamiento y después estas otras partidas que creemos que son muy lógicas y además influyen en todo el



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

pueblo; usted, Sr.Fernández, en el anterior Plan, criticaba que todo iba para el casco, nada para las parroquias, y sí fué para la senda fluvial de Bahiña y saneamientos, pero en este caso van saneamientos para las parroquias, los puntos ecológicos como comentaba Manuel Vilar, serán 40, semejantes al que ya tenemos; eso a nivel medioambiental; somos el primer Municipio de Excelencia Turística y es lógico que mantengamos nuestra estética sobre todo en toda la zona marítima, y después también irán puntos ecológicos en cada parroquia; y a la vez, como hay un gasto corriente, pues también irán 80 contenedores de orgánico.

Con respecto al falso techo del auditorio y reparación de humedades; si fuéramos a vender votos no cambiaríamos el techo; cambiaríamos, por ejemplo, las butacas, porque todos los baioneses verían una gran obra con ese cambio; pero no, nosotros vamos a cambiar el falso techo porque es una necesidad imperiosa, está que se cae; y si un día se cae pues sí tendríamos culpa el equipo de gobierno, pero también toda la Corporación local. Es una obra necesaria y por eso se ha incluido aquí.

Respecto a los Colegios usted decía que lo podría hacer la Consellería de Educación, pero es que dentro de este Plan E vienen contempladas actuaciones en los colegios; nosotros creemos que era necesario y por eso se ha metido. En este caso los colegios son en Sabaris y en Fontes, son zonas de parroquias; el Auditorio está en el centro de Baiona, pero realmente es para todas las parroquias. Los puntos ecológicos también serán para la gente de Baiona y para la de todas las parroquias, por igual. Muchas gracias.

SR.LORES.- Unha cousa moi breve; a mín o que me sorprende moito por parte do equipo de goberno, o Sr.Vilar tamén, é que por un lado estén a facer estas obras e por outro se diga que non tiñan que facerse; eu quero escoitar ó PP na próxima campaña electoral cando diga todo o que fixo; que se fixo; porque non so estamos falando de postos de traballo, estamos falando de inversión pública; ¿qué esta non é a solución á crisis?, xa o sabíamos que non, pero é unha aposta para tratar de facer algo con inversión pública; nunca en Baiona houbo tanta inversión pública; é certo que este equipo de goberno está xestionando esa inversión pública, por suposto, porque a filosofía deste Plan non é como a filosofía do plan da Deputación que fai todo a Deputación; non; aquí deuse autonomía; é un plan moi municipalista; deuselle autonomía ós Concellos para que eles dirixan dende o principio ata o final cales son as necesidades do seu Concello. Polo tanto, tanto criticar isto é un pouco de hipocresía. E Baiona, aparte de ter os postos de traballo xustos, ¿qué son por pouco tempo?, efectivamente, e que un Plan deste tipo non vai a durar toda a vida; ¿qué isto non vai ser a solución da crisis?, por suposto, pero si hai unha intención política por parte do Goberno de España de buscar algún tipo de solución; é que si con isto se solucionara a crisis, pois nin crisis nin nada; si en 2 anos unha crisis, a nivel internacional como está sendo, se soluciona cun Plan Zapatero, pois entón xa non sería nin crisis; pero dentro de ano e medio vamos a pór nun panel "remodelación da rúa Elduayen, Carabela Pinta, Monteboi, saneamentos, etc., perfecto, pero non o critiquen agora si lle van a sacar partido dentro de ano e medio; ¿cando van a mentir: agora ou despois?, eu creo que é de ben nacido ser agradecido, polo tanto lles pido simplemente unha consideración. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A frase xa está feita: "a Xunta quedou esquilmada", esa vai a ser a xustificación en ano e pico que nos queda de lexislatura para xustificar o pouco peso político deste goberno na Xunta; esa é a frase. Ata agora se criticaba ata o que non facían cunha rotonda de plástico, agora é que está esquilmada a Xunta e non hai cartos; claro, é que ao mellor ten que leválos para outro sitio para xustificar mocións de censura; e ao mellor eses grupos que se están presentando por tódolos lados mocións de censura pois ao mellor son os que van a arañar da Xunta as inversións máis importantes.

Con respecto ós traballadores portugueses, eu xa lle dixen ó principio que eu non teño ánimo xenófobo, nada máis lexos da realidade; todos sabíamos do que estaba falando, ou creo que o sabíamos; estabamos falando de man de obra barata; todos coñecemos as tácticas e as técnicas dalgúns empresarios sen escrúpulos que para encher máis o peto pois traen man de obra barata; esa é a realidade; iso é o que pasa na realidade aquí, en Vigo, en Gondomar, en



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

tódalas vilas; e o goberno local ten a responsabilidade de pór, coa lei na man, de impedir esas prácticas, pero é que ademáis é bó, ¿sabe porqué é bó?, porque se vostede vai a oficina do paro, ó INEM, oficina de emprego, resulta que Baiona é un dos Concellos que máis paro ten de toda Galiza, proporcionalmente; dos que máis; e este goberno local non fai nada, nin fixo antes tampouco, e botáballe a culpa á Xunta de Galiza e ó Estado; agora resulta que a Xunta xa non ten culpa, pero as cifras do paro seguen medrando, máis que en ningún sitio. E dentro de pouco xa non terán a quen botarlle a culpa, posiblemente, por desgraza para todos; entón non sei que van a decir, dirán que foi herencia dos equipos de goberno anteriores; seguro que será esa frase: "é que heredamos do Goberno Zapatero e do goberno bipartito"; pois eu creo que neste Concello hai armas dabondo para combater esa situación; e lle podo asegurar que o que se está facendo agora mesmo é todo o contrario; dende certas concellalías deste goberno se están dinamitando iniciativas empresariais con actitudes que non son propias dun goberno local; esa é a realidade, por iso non é gratuito, non é casualidade, que nesta Vila haxa máis paro que en ningún sitio; non é gratuito; se labran a pulso o que hai, o labran a pulso. Polo tanto eu creo que sí ten responsabilidades o goberno local no paro e sí ten fórmulas legais para que as inversións do Estado xeneren máis emprego en Baiona, moito máis do que xenerou no último Plan E que a fin de contas non foi tanto como se pretendía. Creo que o goberno local sí ten responsabilidades e non aproveita estas oportunidades.

Sr.Rodal, quixera decirlle que moita Excelencia turística pero eu lle invito pola rúa do litoral, entrando por Ramallosa, e vexa o panorama de vallas publicitarias que existe en Sabaris, o desastroso panorama; iso non é dun pobo de Excelencia turística; iso é unha aberración. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Estes debates as veces sirven para tomar conciencia dunha situación real e a mín nunca me disgustou que ó tratar unha moción determinada surxan temas colaterais. Creo que unha das obrigas que ten o Concello é xestionar ben o Plan E; xestionálo ben, é decir, facer os proxectos, que se adapten á nosa realidade, e sacálos a concurso con transparencia, e que os collan as empresas que máis ventaxas e melloras ofrezcan; ese é o obxectivo fundamental.

En canto ó número de traballadores, nós facemos constancia dun número pero non podemos especificar que sexan de aquí ou que sexan de alí; temos que axustarnos á legalidade; e a Administración terá os seus inspectores de traballo, terá que facer os seus controles, a través dunha serie de organismos alleos ó Concello para mirar se cumpren ou non cumpren con esas contratacións; iso é fundamental.

Agora ben, cando o Sr.Fernández culpa ó Concello da situación do paro me parece que non está nos seus cabales; porque evidentemente España no seu conxunto ten un problema gravísimo que é o problema do paro, un problema no cal incluso a responsabilidade é do Goberno, e posiblemente non teña a culpa de todo pero realmente ten gran parte desa culpa porque non está xenerando confianza na economía, e a economía se move por confianza, e si esa confianza non se xenera e tampouco se xeneran postos de traballo dificilmente se baixará o paro; seguirá in crescendo. Este é un problema realmente grave, un problema que quen ten capacidade para resolvélo e para tomar decisións é o Presidente do Goberno; eu creo que nestes momentos os Sindicatos, que tamén teñen unha gran responsabilidade, están caladiños, non fan nada; vostede vai a ter que xubilarse ós 67 anos, seguramente, salvo que colla unha xubilación anticipada. Hai unha situación de desconfianza total; aquí se lle pegou un golpe enorme á construción, que era a base de moito do paro que hai agora actualmente nas oficinas do INEM, e absorber todo ese paro é un tema que non é fácil.

Nós somos ún dos Concellos, precisamente Baiona, que queremos planificar o noso territorio e que máis esforzo estamos facendo; e lle podo asegurar unha cousa: resultaba sorprendente na Administración da Xunta anterior o boicot que lle tiñan ó planeamento; agora as cousas van ben; lle digo que vai a levar vostede unha sorpresa; se está avanzando; eu confío que nesta lexislatura se aprobe tanto o PEPCHAB como o PXOU; estou seguro de que se van a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

aprobar. Eu, o que teño moi claro, é que a clave é o planeamento; esa é nosa responsabilidade; logo será o mercado quen marque a pauta.

Sr.Fernández, esa é unha responsabilidade do goberno municipal e estou seguro de que o vamos a sacar adiante, estamos traballando seriamente nese tema; pero claro, o tema do paro a nivel xeral é un problema moi complicado; as veces cando se dí "posiblemente haxa eleccións anticipadas", é que ó mellor o propio Presidente do Goberno non vai a ter máis remedio que convocálas; primeiro, para fortalecer a súa autoridade, se gaña as eleccións, que todo é posible; ou para que se desperte a ilusión no país. Estamos nunha situación complicadísima; se está gobernando a bandazos; un día nos falan da xubilación ós 60 anos, nos falan de que o período de cotización vai a ser 20 anos, agora dicen que foi un erro, que van a ser 15, ou sexa, se están dando bandazos; existen unhas grandes contradicións dentro do propio PSOE, que é quen ten a responsabilidade; e se está falando de eleccións municipais, etc., posiblemente haxa que ter eleccións xerais antes que as municipais, eu estou seguro que posiblemente se dé iso. Repito que o tema do paro é un problema de confianza, que estamos sufrindo todos, porque eu estou seguro que vostede gañou menos este mes de xaneiro na súa nómina que no mes de decembro, senón é así será vostede ún dos poucos privilexiados de España que gañou máis; que sorte; porque para a maioría da xente os ingresos son menores porque lle suben un 0,5, e lle meten un IRPF de retencións; algún chanchullo terá vostede por ahí.

Esa é a realidade, non a xestión do Plan E; Baiona é ún dos Concellos máis exemplares no tema do Plan E, e vostede llo sabe; antes de nada xa temos os proxectos definidos, se van a sacar a concurso, están rematados os anteriores, esa é a nosa obriga; e non salga vostede por peteneras decindo que a culpa do paro que existe en Baiona é por culpa do goberno local; me faría vostede ter un sentido de culpabilidade que non teño. Eu creo que esa afirmación é moi gratuita, Sr.Fernández; o problema é outro; este problema do paro nos preocupa a todos; ¿a solución?: confianza en que a economía empece a xenerar postos de traballo; é o que todos desexamos; a pelota está no tellado de quen está. Nada máis.

SR.ALCALDE. - Evidentemente a situación que se está vivindo nestes momentos é difícilísima e é verdade que nos afecta a todos, pero non especialmente ó Concello de Baiona, desgraciadamente é un tema tan xeneralizado que posiblemente este ano 2010 sexa bastante peor que o 2009, polo que decía Manolo Vilar, porque en economía o importante é a confianza, ter unha liña; de todas formas Baiona ten unha serie de potenciais, que antes sinalou Angel Rodal, que poden paliar algo a situación, como é estar incluídos no Xacobeo porque é unha promoción importante, pero evidentemente non vai a ser a solución a todo o problema tan serio que existe; estamos vendo en sitios como Vigo, o motor de Galicia económico, centros potentes que están pechando, moitísimos negocios, comercios, industrias, e lóxicamente nos afecta a nós porque gran parte da nosa poboación traballa en Vigo, en Citroen, concesionarios de automóvil, no naval, etc. Pero a nivel comercio, por exemplo, en Baiona se abren negocios, curiosamente; se pechan en Ramallosa e se abren en Baiona; iso indica que Baiona ten unha resistencia especial.

O que está claro é que este momento é motivo de preocupación para todos nós; é o momento de facer tódalas aportacións que poidamos dende tódolos grupos políticos para mellorar a situación e dende logo nós vamos a intentálo, como dixo Manolo Vilar, buscando sempre que as inversións teñan un carácter productivo, ben directa ou indirectamente; dende logo creemos que esa debe ser a liña, pero non con pelexas entre os partidos senón con unidade, tratando de buscar alternativas para poder colaborar dende o Concello que evidentemente somos unha parte pequena pero temos que intentálo e para elo é fundamental a colaboración da oposición, como así foi noutros temas.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 13 (8,PP, 1,CMÑ, 4,PSOE); producíndose 2 abstencións,BNG.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

- Aprobar los proyectos de obra que a continuación se relacionan:

<u>DENOMINACION ACTUACION</u>	<u>PRESUPUESTO</u>	<u>IVA</u>	<u>PRESUPUESTO DE CONTRATA</u>
Proyecto de construcción de puntos ecológicos	103470,5€	16.550,28€	120.025,78€
Proyecto de sustitución de falso techo de auditorio, reparación de humedades y obras complementarias	95.497,5€	15.279,60€	110.777,10€
Proyecto de Patio Cubierto y obras complementarias en colegios	134.589,00€	21.534,24€	156.123,24€

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS DO PSEO.

SR.LORES.- Un **ROGO** polo tema da piscina mancomunada, nos **ROGAMOS** ó goberno, ó Alcalde, que traslade á Mancomunidade, ou incluso á propia empresa, que están xenerando un prexuízo ós usuarios de Baiona e de todo o Val Miñor. Urximos que a solución entre os traballadores e a empresa sexa rápida porque ó final é un prexuízo para tódolos usuarios da piscina.

SR.ALCALDE.- Decir que tivemos xa contactos os 3 Alcaldes ó longo destes meses, directamente, e Manolo Vilar de forma especial posto que él leva máis preto as relacións en canto á piscina; o outro día recibimos aquí ós traballadores, estivemos falando con eles, explicando a situación, ademáis falaremos deste tema na Xunta de Goberno da Mancomunidade de próximo vénres, e teremos que ver a situación que nós xuridicamente podemos defender; estamos dende logo a favor de que se chegue a un acordo, que é complexo porque non é a empresa cos traballadores senón a patronal a nivel galego, é dicir, non estamos falando dun tema concreto da empresa en Ramallosa cos traballadores da Ramallosa senón que é un tema global. Eles me decían que había unha aproximación nalgúns puntos pero realmente é un tema xeral e aínda que eles estiveran dacordo non podían chegar a un acordo posto que ten que ser a través da mesa xeral. Eu falei co vicepresidente da FEGAMP, Perfecto Rodríguez, comentando esta inxedanza que existe, e tamén a levaremos alí para as accións que complementen ás que o Presidente da Mancomunidade neste momento, Efrén Juanes, tamén fixo cun bó traballo; nós o que podemos é tratar de presionar para que se senten a negociar e podan chegar a un acordo.

PREGUNTAS.

Non se producen.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.